

orçamentos
2013


FUNDACIÓNS



FUNDACIONES

CONTIDO

I.	FUNDACIÓNS	7
I.1.	PRESIDENCIA DA XUNTA	23
I.1.1.	FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO	23
I.2.	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	53
I.2.1.	FUNDACIÓN GALICIA EUROPA	53
I.2.2.	FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA	71
I.2.3.	FUNDACIÓN ROF CODINA	87
I.3.	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	105
I.3.1.	FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DE ARTESANÍA E DESEÑO	105
I.3.2.	FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA	123
I.3.3.	FUNDACIÓN EXPOSICIÓNS E CONGRESOS A ESTRADA	143
I.3.4.	FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO	159
I.3.5.	FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO	177
I.3.6.	INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA	195
I.4.	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	213
I.4.1.	FUNDACIÓN PÚBLICA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA	213
I.4.2.	FUNDACIÓN ILLA DE SAN SIMÓN	229
I.4.3.	FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA	249
I.5.	CONSELLERÍA DE SANIDADE	267
I.5.1.	FUNDACIÓN INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOGÍA	267
I.5.2.	FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA	283
I.5.3.	FUNDACIÓN PÚBLICA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA	299
I.5.4.	FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS GALICIA 061	315
I.5.5.	INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA XENÓMICA	331
I.6.	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	345
I.6.1.	FUNDACIÓN GALEGA PARA O IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL E A ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	345
I.6.2.	FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO	367
I.7.	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR	383
I.7.1.	FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE	383
I.7.2.	FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR	403



FUNDACIONES

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico.

O sector público autonómico, ademais de pola propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:

- a) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia: os Organismos Autónomos, as Axencias públicas autonómicas, as Entidades públicas empresariais e os Consorcios autonómicos.
- b) Outras entidades instrumentais respecto das que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerce xuridicamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, entendendo como tal, para estes efectos, aquela na que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración: Sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico.

Estas entidades teñen personalidade xurídica propia e diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, contan con patrimonio e tesouraría propios e gozan de autonomía de xestión nos termos establecidos na lei.

Son fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

As fundacións do sector público da Comunidade Autónoma non poderán exercer potestades públicas. Unicamente poderán realizar actividades relacionadas co ámbito competencial das entidades fundadoras, debendo contribuír á consecución dos seus fins, sen que isto supoña a asunción da titularidade das súas competencias, agás previsión legal expresa.

O protectorado destas fundacións será exercido polo departamento da Xunta de Galicia que exerza as competencias correspondentes aos fins da fundación.

O orzamento das fundacións públicas autonómicas é estimativo ao abeiro do disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeira e Orzamentaria de Galicia. A súa conversión orzamentaria é indicativa.

Os estados financeiros non reflicten o impacto das medidas contempladas no título II, da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. Será necesaria a súa rectificación polos respectivos padroados das fundacións públicas, debendo realizar a adecuación conforme o previsto na disposición adicional sexta da Lei.

As fundacións que integran este orzamento para o 2013 son as que se relacionan a continuación:

1. Fundación Deporte Galego
2. Fundación Galicia Europa
3. Fundación Semana Verde de Galicia
4. Fundación Rof Codina
5. Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño
6. Fundación Centro Supercomputación de
7. Fundación Exposición e Congresos A Estrada
8. Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
9. Fundación Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico
10. Instituto Feiral de A Coruña
11. Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia
12. Fundación Illa San Simón
13. Fundación Camilo José Cela
14. Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía
15. Fundación Pública Centro de Transfusión
16. Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria
17. Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061
18. Instituto Galego de Medicina Xenómica
19. Fundación Autonomía Persoal e Dependencia
20. Fundación Galega Formación para o Traballo
21. Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
22. Fundación Centro Tecnolóxico do Mar

A continuación reproducense os estados financeiros das fundacións públicas para o orzamento do ano 2013:

(En miles de euros sen decimais)					
BALANCE. ACTIVO	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2011	2012	2013	2014	2015
A) Activo non corrente	384.203	381.595	376.680	369.263	361.717
I. Inmobilizado intanxible	5.239	5.535	5.053	4.845	4.651
1. Desenvolvemento	71	65	59	48	36
2. Concesións	602	1.393	1.334	1.278	1.219
3. Patentes, licencias, marcas e similares	242	145	160	214	283
4. Fondo de Comercio					
5. Aplicacións informáticas	869	505	309	349	392
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso	3.459	3.224	2.990	2.756	2.522
7. Outro inmobilizado intanxible	-5	204	202	200	199
II. Bens do patrimonio histórico	3.854	3.854	3.854	3.854	3.854
1. Bens inmobles	3.854	3.854	3.854	3.854	3.854
2. Arquivos					
3. Bibliotecas					
4. Museos					
5. Bens mobles					
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico					
III. Inmobilizado material	374.994	372.089	367.655	360.446	353.093
1. Terreos e construcións	133.962	195.515	211.953	209.586	206.201
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material	37.445	76.237	90.702	85.859	81.893
3. Inmobilizado en curso e anticipos	203.587	100.336	65.000	65.000	65.000
IV. Investimentos inmobiliarios					
1. Terreos					
2. Construcións					
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo	5	6	6	7	7
1. Instrumentos de patrimonio	3	3	3	4	4
2. Créditos a terceiros					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	3	3	3	3	3
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	44	45	45	45	45
1. Instrumentos de patrimonio	19	19	19	19	19
2. Créditos a terceiros	3	3	3	3	3
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	23	23	23	23	23
VII. Activos por imposto diferido	66	66	66	66	66
B) Activo corrente	110.540	81.304	77.767	78.246	78.978
I. Existencias	957	1.051	1.086	1.081	1.071
1. Bens destinados á actividade	4	7	7	6	6

2. Materias primas e outros aprovisionamentos	355	253	242	236	229
3. Productos en curso	64	58	57	57	55
4. Productos terminados	533	725	772	775	774
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados					
6. Anticipos a provedores		8	8	8	8
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	4.546	2.279	2.117	2.117	2.117
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	56.491	50.837	49.070	47.078	47.990
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	15.530	14.877	15.895	15.028	15.658
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	74				
3. Debedores varios	6.433	4.029	4.174	4.055	4.158
4. Persoal	118	26	22	24	25
5. Activos por impostos corrente	23	18	19	20	20
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	34.312	31.887	28.960	27.950	28.128
7. Fundadores por desembolsos esixidos					
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	9	10	10	10	10
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a empresas					
3. Valores representativos de débeda					
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	9	10	10	10	10
V. Investimentos financeiros a curto prazo	26.263	7.003	6.225	6.036	6.036
1. Instrumentos de patrimonio					
2. Créditos a empresas					
3. Valores representativos de débeda	998				
4. Derivados					
5. Outros activos financeiros	25.265	7.003	6.225	6.036	6.036
VI. Periodificacións a curto prazo	632	462	433	437	434
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	21.641	19.662	18.826	21.488	21.321
1. Tesourería	20.951	18.833	17.966	20.601	20.409
2. Outros activos líquidos equivalentes	690	830	860	887	911
TOTAL ACTIVO (A + B)	494.743	462.900	454.448	447.510	440.696

(En miles de euros sen decimais)					
BALANCE. PASIVO	REAL		PREVISIÓN		
	2011	2012	2013	2014	2015
A) Patrimonio Neto	426.632	423.692	418.608	412.029	405.232
A-1) Fondos propios	154.558	154.180	153.575	152.805	151.995
I. Dotación fundacional/Fondo social	168.961	169.791	170.301	170.431	170.481
1. Dotación fundacional/Fondo social	168.616	169.532	170.128	170.344	170.481
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)*	345	259	173	86	
II. Reservas	18.842	19.147	19.324	19.204	19.104
1. Estatutarias	8.051	8.047	8.051	8.053	8.055
2. Outras reservas	10.791	11.100	11.274	11.152	11.049
III. Excedentes de exercicios anteriores	-29.565	-33.994	-35.268	-36.068	-36.837
1. Remanente	7.144	6.892	7.010	7.014	7.057
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)*	-36.710	-40.886	-42.278	-43.082	-43.894
IV. Excedente do exercicio **	-3.680	-763	-782	-762	-752
A-2) Axustes por cambio de valor **					
I. Activos financeiros disponibles para a venda **					
II. Operacións de cobertura **					
III. Outros **					
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	272.074	269.512	265.034	259.224	253.237
I. Subvencións	271.789	269.231	264.756	258.948	252.960
II. Doazóns e legados	285	281	278	276	276
B) Pasivo non corrente	17.118	11.435	11.582	11.396	11.142
I. Provisións a longo prazo	10.309	10.008	10.020	10.033	10.035
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal					
2. Actuacións medioambientais					
3. Provisións por reestructuración					
4. Outras provisións	10.309	10.008	10.020	10.033	10.035
II. Débedas a longo prazo	6.314	1.078	1.157	1.029	833
1. Obrigas e outros valores negociables					
2. Débedas con entidades de crédito	1.179	1.006	822	631	457
3. Acreedores por arrendamento financeiro					
4. Derivados					
5. Outros pasivos financeiros	5.135	72	335	398	375
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo					
IV. Pasivos por imposto diferido	486	338	393	321	260
V. Periodificacións a longo prazo	10	11	12	13	14
C) Pasivo corrente	50.992	27.772	24.257	24.085	24.322
I. Provisións a curto prazo	1.950	1.488	1.273	1.156	1.156
II. Débedas a curto prazo	11.042	6.353	4.128	4.195	4.387
1. Obrigas e outros valores negociables					
2. Débedas con entidades de crédito	1.481	1.360	1.185	1.238	1.265

3. Acreedores por arrendamento financeiro	8				
4. Derivados					
5. Outros pasivos financeiros	9.553	4.992	2.943	2.958	3.123
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo					
IV. Beneficiarios-Acreedores	228	157	157	157	157
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar	37.085	19.254	18.278	18.156	18.201
1. Proveedores	14.503	11.378	11.952	12.019	11.838
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas					
3. Acreedores varios	20.270	5.630	4.699	4.494	4.674
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)	387	315	346	346	346
5. Pasivos por imposto corrente					
6. Outras débedas coas Administracións Públicas	1.924	1.931	1.281	1.296	1.342
7. Anticipos recibidos por pedidos					
VI. Periodificacións a curto prazo	687	520	420	420	420
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)	494.743	462.900	454.448	447.510	440.696

(En miles de euros sen decimais)					
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2011	2012	2013	2014	2015
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO					
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	81.493	81.372	80.742	81.297	82.776
a) Cotas de asociados e afiliados	2.886	2.450	2.656	2.654	2.656
b) Aportacións de usuarios	2.240	1.838	2.151	2.237	2.319
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	11.203	10.931	9.899	10.913	11.965
d) Subvencións imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia	62.621	61.518	61.593	60.562	60.905
e) Doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia	2.597	4.636	4.442	4.930	4.930
f) Reintegro de axudas e asignacións	-55				
2. Gasto por axudas e outros **	-724	-826	-463	-459	-459
a) Axudas monetarias	-566	-743	-380	-376	-376
b) Axudas non monetarias	-154	-76	-66	-66	-66
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	-13	-7	-17	-17	-17
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados	8				
3. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación **	-254	185	48		-1
4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo	-21	-40	-40	-41	-42
5. Aprovisionamentos *	-50.133	-49.118	-48.959	-48.990	-49.100
6. Outros ingresos de explotación	36.270	34.704	35.481	36.074	36.251
7. Gastos de persoal *	-41.808	-39.861	-40.281	-40.433	-40.956
a) Soldos, salarios e asimilados	-34.007	-31.385	-32.065	-32.206	-32.630
b) Cargas sociais	-8.546	-8.246	-8.215	-8.227	-8.326
c) Provisións	745	-231			
8. Outros gastos de explotación * *	-26.825	-27.103	-25.876	-26.654	-27.735
a) Servicios exteriores	-25.012	-25.535	-24.347	-25.089	-26.162
b) Tributos	-1.260	-1.273	-1.324	-1.358	-1.362
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais	-275	-58	-67	-67	-67
d) Outros gastos de xestión corrente	-278	-237	-138	-141	-143
9. Amortización do inmovilizado *	-12.687	-10.349	-11.888	-12.010	-12.042
10. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio	11.444	10.150	10.444	10.355	10.447
a) Afectas á actividade propia	11.444	10.150	10.444	10.355	10.447
b) Afectas á actividade mercantil					
11. Excesos de provisións	262	-50	-90		
12. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado	-321	-74	11	11	11
a) Deterioros e perdas	-237	1			
b) Resultado por alleamentos e outras	-85	-75	11	11	11
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)	-3.306	-1.009	-869	-850	-851
13. Ingresos financeiros	1.029	920	225	222	230
a) De participación en instrumentos do patrimonio	116	76	74	69	74

a1) En empresas e entidades do grupo e asociadas	22	19	19	9	9
a2) En terceiros	94	57	55	60	65
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	914	844	151	153	156
b1) De empresas e entidades do grupo e asociadas	66	110	80	80	80
b2) De terceiros	848	734	71	73	76
14. Gastos financeiros	-1.362	-682	-122	-117	-114
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas					
b) Por débedas con terceiros.	-1.362	-682	-122	-117	-114
c) Por actualización de provisións					
15. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros **					
a) Carteira de negociación e outros					
b) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venta					
16. Diferencias de cambio **	-1				
17. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros **	-20	18			
a) Deterioro e perdas	-20	18			
b) Resultado por alleamentos e outras					
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)	-353	256	104	105	116
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-3.659	-753	-765	-745	-735
18. Imposto sobre beneficios **	-21	-10	-16	-17	-18
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+18)	-3.680	-763	-782	-762	-752
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO					
1. Activos financeiros disponible para a venta					
2. Operacións de cobertura de fluxos de efectivo					
3. Subvencións recibidas	12.682	8.032	5.683	3.406	3.478
4. Doazóns e legados recibidos					
5. Ganancias e perdas actuariales e outros axustes					
6. Efecto impositivo					
B.1) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)	12.682	8.032	5.683	3.406	3.478
C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO					
1. Activos financeiros disponible para a venta					
2. Operacións de cobertura de fluxos de efectivo					
3. Subvencións recibidas	-5.454	-7.646	-8.239	-8.081	-8.207
4. Doazóns e legados recibidos					
5. Ganancias e perdas actuariales e outros axustes					
6. Efecto impositivo					
C.1) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)	-5.454	-7.646	-8.239	-8.081	-8.207
D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)	7.228	386	-2.556	-4.675	-4.729
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO					
F) AXUSTES POR ERROS	-6				
G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL	130	130	100	50	30

H) OUTRAS VARIACIÓNS					
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	3.671	-247	-3.238	-5.387	-5.451

Dos datos reflictidos na información financeira derivannse unha serie de ratios a ter en conta ao analizar a sustentabilidade e a solvencia deste tipo de entidades. Así a maior parte do seu activo está constituído por activos fixos (82%) e o financiamento procede principalmente dos recursos propios da entidade (92% para 2013). En canto á liquidez, o activo corrente supera 3 veces ao pasivo corrente e a tesouraría permite cubrir o 80% das necesidades das entidades.

RATIO	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2011	2012	2013	2014	2015
Activo Non corrente/ Activo Total	77,7%	82,4%	82,9%	82,5%	82,1%
Activos líquidos/ Activo total	4,4%	4,2%	4,1%	4,8%	4,8%
Activos líquidos/ Activo Corrente	19,6%	24,2%	24,2%	27,5%	27,0%
Patrimonio / Activo Total	86,2%	91,5%	92,1%	92,1%	92,0%
Pasivo Non Corrente / Activo Total	3,5%	2,5%	2,5%	2,5%	2,5%
Pasivo Corrente / Activo Total	10,3%	6,0%	5,3%	5,4%	5,5%
Activo Corrente /Pasivo Corrente	2,2	2,9	3,2	3,2	3,2
Activo Líquidos / Pasivo Corrente	0,4	0,7	0,8	0,9	0,9

En canto aos orzamentos para o 2013 conforme á clasificación económica, tanto dos ingresos coma dos gastos é o seguinte:

ORZAMENTO DE GASTOS	
CAPÍTULO	TOTAL
Cap I.- Gastos de Persoal	40.280.522
Cap II.- Gastos en bens correntes e servizos	74.850.792
Cap III.- Gastos financeiros	121.603
Cap IV.- Transferencias correntes	397.035
Cap VI.- Investimentos Reais	6.974.082
Cap VII.- Transferencias de Capital	0
Cap VIII.- Activos Financeiros	2.191.713
Cap IX.- Pasivos financeiros	153.505
Total	124.969.253

ORZAMENTO DE INGRESOS	
CAPÍTULO	TOTAL
Cap III.- Taxas e Prezos	49.644.709
Cap IV.- Transferencias correntes	66.253.975
Cap V.- Ingresos do Patrimonio	225.469
Cap VI.- Alleamento de investimentos reais	857.295
Cap VII.- Transferencias de capital	7.199.362
Cap VIII.- Activos Financeiros	576.357
Cap IX.- Pasivos financeiros	212.086
Total	124.969.253

FUNDACIÓNS PÚBLICAS	CAPÍTULOS								
ORZAMENTO DE GASTOS	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	581	778				39		0	
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	9.605	15.667	3			19		74	
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	736	6.238				5.054			
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	820	840				3			
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	13.786	35.111				255		0	
Instituto Galego de Medicina Xenómica	1.479	1.775				120		123	
Fundación Galicia Europa	350	304	30	15		2		76	41
Fundación de Autonomía Persoal e e Dependencia	713	115		30				3	
Fundación Semana Verde de Galicia	801	1.261							
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	253	648	0			0			
Fundación Centro de Supercomputación de Galicia	1.304	620	0			1.210		16	22
Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	129	94	0					133	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	104	374	45					243	
Fundación Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico	4.779	3.511				113		307	50
Instituto Feiral de A Coruña	141	420	1					234	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	747	488	27			109		5	
Fundación ROF Codina	770	816	1			40		254	
Fundación Deporte Galego	389	2.755		352		10		87	
Fundación Illa de San Simón	34	333						19	

FUNDACIÓNS PÚBLICAS	CAPÍTULOS								
ORZAMENTO DE GASTOS	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	2.160	2.562	12					563	
Fundación Galega de Formación para o Traballo	359	34						55	
Fundación Camilo José Cela	240	108	2						40
Total Orzamento de Gastos	40.281	74.851	122	397		6.974		2.192	154
(Miles de Euros)									

FUNDACIÓNS PÚBLICAS	CAPÍTULOS								
ORZAMENTO DE INGRESOS	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía			157	1.200	41				
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia			25.365		3				
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia			2.600	4.095	10		5.322		
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria			75	1.585	3				
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061			5.140	44.000					12
Instituto Galego de Medicina Xenómica			2.483	965			50		
Fundación Galicia Europa			276	543					
Fundación de Autonomía Persoal e e Dependencia			71	784	1		5		
Fundación Semana Verde de Galicia			1.652	407	3				
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño			25	380	6		490	0	
Fundación Centro de Supercomputación de Galicia			106	1.834			1.032		200
Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada			163	93				100	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo			278	251				236	
Fundación Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico			4.755	3.455	80	357	113		
Instituto Feiral de A Coruña			565					230	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne			438	829	1		109		
Fundación ROF Codina			1.437	440	4				
Fundación Deporte Galego			1.531	1.972	19		72		
Fundación Illa de San Simón			124	252	2		7		
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar			2.290	2.462	45	500			
Fundación Galega de Formación para o Traballo			0	440	8				
Fundación Camilo José Cela			115	265				10	
Total Orzamento de Ingresos			49.645	66.254	225	857	7.199	576	212
(Miles de Euros)									



FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

PRESIDENCIA DA XUNTA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2013 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

I.1.1. DIAGNOSE DE SITUACIÓN:

Onde estamos.

Coa denominación Fundación Deporte Galego, constitúese pola Administración Autónoma de Galicia, tralo acordo do Consello da Xunta de data 21 de decembro de 2000 e con escritura de constitución de 27 de abril de 2001, esta entidade de natureza fundacional e de interese galego no ámbito deportivo, para o impulso e fomento do deporte e a práctica deportiva, así como para a súa difusión entre os cidadáns. A Fundación, calificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, actuando de conformidade co establecido no ordenamento xurídico, tódolos actos que se estimen necesarios para o cumprimento dos seus fins. A Fundación réxese pola vontade do seu fundador, manifestada nos seus Estatutos, polos acordos que, en interpretación e desenvolvemento daquela vontade, establece o Padroado, así como, en todo caso, pola lexislación aplicable.

Servindo ao interese xeral de Galicia, a Fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte galego. Para o cumprimento deste propósito, a Fundación poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en calquera actividades, accións e programas, que coadxuven ao mellor cumprimento dos seus fins fundacionais.

- Organización e/ou apoio, de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins, a celebrar na comunidade autónoma galega, ou fóra dela cando sexa de interese para aquela, así como participación, apoio, patrocinio, ou calquera outra forma de colaboración, na realización de actividades, programas e eventos vinculados ao ámbito deportivo, organizados por outras persoas, entidades ou institucións, públicas ou privadas.

- Fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia.

- Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as.

- Realización de actividades formativas e divulgativas nos ámbitos de interese para a Fundación, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais.

- Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins.

- Construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas, podendo a Fundación, no seu caso, fixar os prezos a percibir polos servizos prestados aos/ás usuarios/as atendendo ao estipulado pola lexislación en vigor.

- Xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica. A fundación xestionará, directa ou indirectamente, as instalacións e servizos seguidamente referenciados e de titularidade da comunidade autónoma galega:

- Complexo Deportivo de Elviña (A Coruña)

- Complexo Deportivo de A Sardiñeira (A Coruña)

- Complexo Deportivo de Agra I (A Coruña)

- Campos de fútbol de Meicende (A Coruña)

- Pavillón polideportivo Agra II (A Coruña)

- Pavillón polideportivo Elviña II (A Coruña)

- Pavillón polideportivo de Montes das Moas (A Coruña)

- Pavillón polideportivo de Monte Alto (A Coruña)

- Parques deportivo e acuático, e instalacións anexas, de Acea de Ama (Culleredo, A Coruña)

- Complexo deportivo de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense)

- Cernadiñas Novas, Pontevedra

- Tramitación diante das administracións, institucións e outras entidades das correspondentes solicitudes de subvención, axudas, así como a xestión de doazóns, convenios de colaboración, contratos de patrocinio, etc., que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.

- Exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.

- Calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora da actividade física e do deporte na comunidade autónoma de Galicia.

Durante os últimos 3 anos, a actividade da Fundación estivo principalmente centrada na xestión de instalacións, na realización de actividades e programas de promoción deportiva, no fomento de eventos de grande relevancia a celebrarse en Galicia, así como no apoio aos deportistas galegos, principalmente aos de alto nivel. No último trimestre do exercicio 2009, iniciouse tamén unha aposta decidida polos clubs de alta competición de Galicia, coa posta en marcha do Plan de patrocinio deportivo dos clubs de alta competición da nosa Comunidade Autónoma, que se consolidou nos exercicios 2010, 2011 e 2012 e que terá novamente continuidade neste exercicio 2013. Cabe destacar, que a pesar da crise económica na que estamos inmersos, o deporte galego de alto nivel está acadando uns éxitos moi destacables, principalmente o deporte feminino. Proba delo son os grandes resultados acadados polos/as deportistas galegos/as nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de Londres 2012 así como os grandes éxitos obtidos polos equipos galegos de alta competición que son beneficiarios do Plan de Patrocinio desta Fundación.

De forma destacada, nos dous últimos anos a Fundación tivo o encargo de desenvolver un Plan Integral para combater a obesidade e o sedentarismo en Galicia, con cifras alarmantes e por riba da media estatal. O “Plan Galego para o fomento da actividade física” que implica a todo o goberno da Xunta de Galicia, deu o seu pistoletazo de saída o 27 de decembro do 2011 coa súa aprobación no Parlamento Galego, e contando xa no primeiro semestre do ano 2012 coa adhesión ao mesmo de mais do 75% dos concellos galegos, aos que hai que engadir empresas privadas, medios de comunicación, federacións deportivas, deputacións provinciais, etc..

Que condicionantes nos afectan.

Ao igual que aconteceu nos últimos exercicios, a difícil situación económica que vivimos obriga a que as entidades pertencentes ao Sector Público ao igual que o fan as Administracións Públicas centren os seus esforzos económicos e de xestión en optimizar os recursos dos que dispón para contribuír a unha maior eficiencia do seu sector.

No ámbito deportivo, o tecido asociativo atópase nunha difícil situación de cara á xeración de recursos que fagan posible o desenvolvemento do seu obxecto social. En momentos de crise o sector privado, fonte de financiación básica no sector deportivo, centra os seus recursos no mantemento das súas estruturas e no investimento necesario para manter a súa competitividade no seu sector. Salvo en contadas excepcións, as empresas non ven unha rendibilidade clara no patrocinio deportivo, polo que o sector ve memada esta fonte de financiamento e en moitas ocasións moitas entidades, incluso se plantexan rematar coa dinamización deportiva que levaron a cabo durante moitos anos. De tal xeito, a minoración do apoio do sector público ao ámbito deportivo, produciría unha incuestionable merma no sector económico ligado ao eido deportivo.

A loita contra o sedentarismo e a obesidade debe ser un dos pilares de actuación das Administracións Públicas, non só pola promoción dun estilo de vida activo e saudable que beneficie aos cidadáns, senón porque combater as denominadas pandemias do século XXI ten un importante beneficio económico, ao reducir os custos sanitarios e empresariais (baixas laborais) resultantes. Por todos é sabido que a práctica de actividade física e o deporte é fundamental para garantir o benestar da cidadanía, polo que se desde o Sector Público non se fai un esforzo por apoiar o desenvolvemento da práctica deportiva na nosa Comunidade Autónoma, estaríase propiciando, de maneira indubidable un detrimento da calidade de vida e saúde dos cidadáns.

Onde queremos chegar

Tal e como se comenta no parágrafo anterior, en momentos de crise, o sector deportivo é un dos máis castigados á hora de xerar apoios económicos para o seu desenvolvemento. Se ben coa situación económico-financeira actual a práctica físico-deportiva individual e cotiá non se ve demasiado afectada porque non require duns medios custosos, o deporte organizado e fundamentalmente o de alto nivel e a práctica físico-deportiva dirixida si que sofre espectacularmente os efectos da crise.

De tal xeito, con estes orzamentos, a Fundación Deporte Galego pretende, con carácter xenérico e principal, continuar apostando polo apoio ao deporte de alto nivel, tanto aos clubs de alta competición da nosa Comunidade como aos Deportistas Galegos de Alto Nivel. Por outra banda, a austeridade orzamentaria non debe impedir que en Galicia se desenvolvan tamén eventos deportivos de máximo nivel e de grande proxección autonómica, nacional e internacional. A realización de eventos deportivos implica a chegada á Comunidade de deportistas, técnicos, directivos, familiares, afeccionados, etc... así como a retransmisión a outros puntos de España, de Europa e doutros continentes do evento deportivo en cuestión, así como unha proxección a todo o mundo dos lugares onde se levan acabo estes acontecementos deportivos. Preténdese, en definitiva, e sen obviar outros ámbitos, actuar cara a excelencia deportiva de Galicia.

Por outra banda, neste exercicio 2013, a Fundación quere ter un papel relevante no "Plan Galego de Fomento da Actividade Física -Galicia Saudable-", contando neste orzamento cunha actuación específica de fomento e promoción da actividade física saudable na nosa Comunidade Autónoma, incorporando as recomendacións establecidas pola Organización Mundial da Saúde e as directrices da UE , a través da creación dunha extensa rede de actores, que aproveitando os recursos existentes, chegue ao 100% da poboación. O desenvolvemento paulatino dos diferentes ámbitos de intervención do Plan (educativo, sanitario, local-comunitario, laboral, tempo libre e de ocio e persoas maiores, así como un especial tratamento transversal en mulleres, discapacitados ou colectivos en risco de exclusión) debe ser unha das prioridades da Fundación, como coordinadora do Plan.

Nestes momentos de crise económica, unha das labores fundamentais do Plan debe ser a formación específica para os representantes da rede de actores adheridos ao Plan,

para o deseño e implementación de programas de promoción da actividade física saudable que actúen como elemento cohesionador dunha estratexia global común na loita contra o sedentarismo, obesidade e enfermidades non transmisibles na nosa comunidade. Así mesmo, o deseño técnico de programas de actividade física e saúde, así como elementos de comunicación e divulgación, postos a disposición dos distintos actores nos diferentes ámbitos de intervención do Plan debe ser outro dos pilares de actuación da Fundación neste próximo exercicio.

Finalmente, hai que salientar que en todas as actuacións que leve a cabo a Fundación no desenvolvemento do Plan de Actuación intégrase o principio de igualdade de xeito transversal. Desta forma, potenciarase a inclusión da perspectiva de xénero impulsando a participación e a práctica deportiva en xeral e a de alto nivel en particular.

I.1.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
Código	Descrición do obxectivo xeral	Criterio de ordenación (art. 1 da Orde do 18 de maio, instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da C.A.)
A	Promocionar o deporte, con especial incidencia do deporte de alto nivel.	A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia. A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego, mediante a modernización do tecido produtivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento da saída da recesión económica.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
B	Apoiar ao tecido deportivo galego	<p>A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia.</p> <p>A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego, mediante a modernización do tecido produtivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento da saída da recesión económica.</p>
C	Fomentar e incrementar a práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia (obxectivo transversal aos obxectivos xerais descritos)	<p>A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia.</p>
D	Optimizar a xestión das instalacións da Fundación	<p>A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia.</p> <p>Acadar unha administración eficiente, moderna e próxima ao cidadán, mediante a optimización dos recursos materiais e humanos e a implementación de novos sistemas de xestión que faciliten os trámites aos administrados, de xeito que se reduzan os custos actuais na prestación dos servizos e se incremente a capacidade financeira da comunidade.</p>

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
E	<p>Promover a práctica de actividade física saudable na nosa Comunidade Autónoma ao abeiro do Plan Galego de Fomento da Actividade Física, "Galicia Saudable" posto en marcha pola Xunta de Galicia</p>	<p>A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia. A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego, mediante a modernización do tecido produtivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento da saída da recesión económica. Impulsar a economía do coñecemento, mediante a construción dunha sociedade na cal prime a innovación empresarial, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e na cal se promova a aplicación e emprego da TIC en todos os seus ámbitos.</p>

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
F	Outros obxectivos	<p>A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial fincapé nos colectivos máis afectados pola crise económica, garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia.</p> <p>A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego, mediante a modernización do tecido produtivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento da saída da recesión económica.</p> <p>Impulsar a economía do coñecemento, mediante a construción dunha sociedade na cal prime a innovación empresarial, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e na cal se promova a aplicación e emprego da TIC en todos os seus ámbitos.</p> <p>Acadar unha administración eficiente, moderna e próxima ao cidadán, mediante a optimización dos recursos materiais e humanos e a implementación de novos sistemas de xestión que faciliten os trámites aos administrados, de xeito que se reduzan os custos actuais na prestación dos servizos e se incremente a capacidade financeira da comunidade.</p>

I.1.3. OBXECTIVOS OPERATIVOS

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
Código	Descrición do obxectivo operativo	Cuantificación	Programa da transferencia que o financia
AA	Apoiar aos clubs de alta competición de Galicia	Arredor de 80 entidades beneficiarias cada ano	04.60.441A.443.00 e fondos propios
AB	Apoiar aos/ás deportistas galegos/as de alto nivel	Arredor de 220 posibles beneficiarios/as	04.60.441A.443.00 e fondos propios

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
BA	Apoiar o desenvolvemento en Galicia de eventos de máximo nivel autonómico, nacional e internacional	Entidades beneficiarias e espectadores. Non é posible estimar beneficiarios	04.60.441A.443.00 e fondos propios
DA	Fomentar a práctica deportiva nas instalacións xestionadas pola Fundación directamente	4.500 usuarios nos Pavillóns da Coruña Arredor de 52.000 accesos no Complexo Acuático de Monterrei	04.60.441A.443.00 e fondos propios
DB	Fomentar a práctica deportiva nas instalacións xestionadas pola Fundación indirectamente.	Arredor de 16.800 usuarios nos Complexos da Coruña Arredor de 10.700 no Parque Deportivo de Acea da Má	04.60.441A.443.00 e fondos propios
EA	Promover a elaboración e desenvolvemento de programas de fomento da actividade física saudable na Comunidade Autónoma de Galicia	Toda a poboación galega é potencial destinataria deste obxectivo	04.60.441A.443.00 e fondos propios
FA	Outros obxectivos	Toda a poboación galega é potencial destinataria deste obxectivo.	04.60.441A.443.00 e fondos propios

I.1.4. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS				
Código	Actuación	Importe	(1)	(2)
001AA	Contratos de patrocinio cos clubs galegos de alta competición de Galicia (Tempada 2011/2012)	1.800.954,38 €	NON	NON
001AB	Axudas para os/as deportistas galegos/as de alto nivel	369.445,85 €	NON	NON
001BA	Patrocinios para a organización de eventos deportivos relevantes de carácter autonómico, nacional e internacional a celebrarse en Galicia	262.851,89 €	NON	NON

ACTUACIÓNS				
001DA	Programas deportivos nas instalacións xestionadas directamente pola Fundación en colaboración coas entidades deportivas e centros de ensino usuarios das mesmas	511.497,21 €	NON	NON
001DB	Deseño de programas físico-deportivos de calidade nas instalacións da Fundación xestionadas por empresas concesionarias, en colaboración coas mesmas	41.901,01 €	NON	NON

ACTUACIÓNS				
001EA	<p>Deseño e desenvolvemento de programas de fomento da actividade física saudable na Comunidade Autónoma de Galicia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Creación de redes entre os diferentes actores que participan no "Plan Galicia Saudable". - Consolidación das Unidades de Promoción do Exercicio nos diferentes ámbitos que contempla o "Plan Galicia Saudable" creadas en exercicios anteriores e posta en marcha de novas unidades - Desenvolvemento de actividades lúdico-deportivas saudables. - Organización e execución de proxectos e accións orientadas ao fomento e extensión da práctica regular de actividade física e exercicio saudable a toda a poboación galega - Dinamización dos puntos exteriores saudables (Parques saudables) - Deseño, desenvolvemento e execución de accións de márketing, comunicación e publicidade dos programas relacionados coa práctica de actividade física saudable en Galicia. 	269.221,68 €	SI	NON
001FA	Outras actuacións	454.669,58 €	NON	NON
<p>(1) A actuación está integrada nun plan de eido superior. (2) Actuación de fomento do I+D+I.</p>				

I.1.5. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

A Fundación Deporte Galego non vai desenvolver programas de investimento.

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS

VENTAS E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS

A distribución dos ingresos da Fundación polo desenvolvemento da súa actividade estruturase do seguinte xeito atendendo ao formato da conta de resultados do PAIF:

- Aportacións de usuarios. Este ingreso refírese ás cotas dos usuarios dos catro pavillóns polideportivos xestionados pola Fundación Deporte Galego en Coruña así como das entradas e abonos do Complexo Acuático de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense) na tempada de verán
 - Exercicio 2011: 134.053,98 euros.
 - Exercicio 2012: 130.000 euros.
 - Exercicio 2013: 130.000 euros.
- Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións: Este ingreso contempla aos patrocinadores da Fundación para a súa actividade ordinaria e para as actuacións concretas que se detallan nesta memoria, principalmente vinculado a patrocinios e axudas para o deporte de alta competición, para organización de eventos deportivos en Galicia e para o fomento da práctica físico-deportiva saudable na Comunidade Autónoma:
 - Exercicio 2011: 267.118,64 euros
 - Exercicio 2012: 500.000 euros
 - Exercicio 2013: 500.000 euros. Estímase este ingreso, en base ás xuntanzas que se están realizando con empresas galegas que potencialmente poderían patrocinar á Fundación no exercicio 2013 e seguintes. Non obstante, de non producirse o ingreso non se desenvolverá a actuación, co cal a estimación é equilibrada respecto ao gasto, non xerando en ningún caso un déficit orzamentario.
- Outros ingresos de explotación: Esta partida contempla os ingresos polo cobro dos cánones das concesións dos complexos deportivos da Coruña (Elviña, Sardiñeira e Agra) así como do Parque deportivo e Acuático de Acea da Má e a explotación das máquinas expendedoras. Ámbalas dúas instalacións están cedidas pola Xunta de Galicia á Fundación para a súa xestión.
 - Exercicio 2011: 903.419,32 euros.
 - Exercicio 2012: 900.873,81 euros.
 - Exercicio 2013: 900.873,81 euros. Pártese do mesmo importe ca o da previsión de execución do exercicio 2012.

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIONS
	2011	2012	2013
DO ESTADO			
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2.139.881	1.876.089,58	1.900.000
DA UNIÓN EUROPEA			
TOTAL	2.139.881	1.876.089,58	1.900.000

- Exercicio 2011 (2.139.881 euros).
 - A distribución deste importe é a seguinte:
 - (2.006.000 euros). Corresponde coa subvención nominativas da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - (133.881 euros). Corresponde á subvención da Consellería de Traballo imputada ao exercicio 2011.
- Exercicio 2012 (1.876.089,58 euros):
 - A distribución deste importe é a seguinte:
 - (1.756.000 euros). Corresponde cunha subvención nominativa da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - (120.089,58 euros). Corresponde á subvención da Consellería de Traballo imputada ao exercicio 2012.
- Exercicio 2013 (1.900.000 euros):
 - Este importe corresponde á subvención nominativa da Secretaría Xeral para o Deporte.

GASTOS

GASTOS DE PERSOAL

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2011	13,95	-21,76%	530.257,76	-22,81%	38.001,31	-1,37%
ESTIMADO	2012	13,66	-2,08%	547.621,40	3,27%	40.089,41	5,49%
	2013	9	-34,11%	388.987,20	-28,97%	43.220,80	7,81%

*O custo total inclúe dietas e as estimacións das indemnizacións por finalización de contrato do persoal temporal.

- **Variación no número de traballadores e nos custes**
- Exercicio 2011:
 - Variación anual no número de empregados:
 - No exercicio 2011 o número de empregados fixos era de 9, ao igual que en 2010 e na actualidade. Polo tanto, a variación non afectou ao

persoal fixo.

- A diminución porcentual no número de empregados derívase da contratación de menos efectivos temporais ao abeiro dunha convocatoria de axudas da Consellería de Traballo que a Fundación recibe anualmente. Coa axuda de 2009 a Fundación tivo contratados desde o 30 de novembro dese ano ata o 29 de agosto de 2010 a 14 novos efectivos. Sen embargo, en novembro de 2010 tan só contratou 7 novos efectivo, reducíndose a máis da metade ca no exercicio 2009 e 2010.
 - Variación anual no custo total do persoal.
 - A redución no custe total do persoal derívase da redución de efectivos sinalada anteriormente e na redución do 5% da masa salarial total da Fundación en xuño de 2010.
 - Variación anual no custe medio do persoal.
 - Prodúcese un pequeno decremento no custe medio dos traballadores pola redución dos efectivos temporais e polas variacións das categorías profesionais do persoal temporal.
- Exercicio 2012:
- Variación anual no número de empregados:
 - A variación non afectou ao persoal fixo.
 - En relación ao persoal temporal, apenas existe variación ao ter o mesmo número de traballadores temporais ca no exercicio 2011. A pequena variación ten que ver co mes no que remataron os traballadores que iniciaron contrato en 2011 e co mes no que comezou a traballar o persoal contratado en 2012.
 - Variación anual no custo total do persoal.
 - O pequeno incremento no custe total do persoal derívase das categorías profesionais do persoal temporal. Aínda que o número de traballadores contratados foi o mesmo, aumentou a categoría profesional da maioría, polo que as retribucións tamén son superiores.
 - Variación anual no custe medio do persoal.
 - O incremento no custe medio débese a dous motivos:
 - Ás categorías profesionais do persoal temporal. Aínda que o número de traballadores contratados foi o mesmo, aumentou a categoría profesional da maioría, polo que as retribucións medias tamén son superiores.
 - Prodúcese un incremento no custe medio dos traballadores porque ao reducirse os efectivos temporais, o efecto que ten o persoal fixo da Fundación (maioría Categoría I) no custe medio, eleva esta cifra respecto ao exercicio anterior.
- Exercicio 2013:

- Variación anual no número de empregados:
 - Só se contempla o persoal de cadro, posto que non se prevé recibir axudas da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de persoal temporal.
- Variación anual no custo total do persoal.
 - A redución no custe total do persoal dérivase do sinalado no apartado anterior.
- Variación anual no custe medio do persoal.
 - O incremento do custe medio do persoal débese a que ao non contemplarse no orzamento efectivos temporais, o efecto que ten o persoal fixo da Fundación (maioría Categoría I) no custe medio, eleva esta cifra respecto ao exercicio anterior.

SERVIZOS EXTERIORES

SERVIZOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2011	2012	2013
621	C- Alquileres	200,00	2.000,00	2.000,00
622	C- Mantementos	43.239,53	49.300,00	49.300,00
623	C- Servizos Profesionais	30.240,11	40.000,00	45.000,00
625	C- Seguros	5.901,58	12.500,00	15.500,00
626	C- Servizos bancarios	0,00	1.000,00	1.000,00
627	C-Patrocinios deportivos, publicidade e comunicación	1.801.893,36	1.775.828,05	2.004.000,00
628	C- Subministrados	57.338,57	44.850,00	48.246,00
629	C- Outros servizos	34.848,04	118.274,42	203.885,57
TOTAL		1.973.661,19	2.043.752,47	2.368.931,57

Ningún destes servizos foi realizado anteriormente por persoal da Fundación, dada a especificidade dos mesmos e ningún destes gastos ten efectos en varios exercicios.

Hai que salientar que os servizos exteriores co código 627 refírense fundamentalmente ás actuacións 001AA e 001BA descritas nesta memoria. En total estas dúas actuacións representan do total da partida para cada exercicio os seguintes importes:

- Exercicio: 2011: 1.797.733,36 euros.
- Exercicio: 2012: 1.765.828,05 euros.
- Exercicio 2013: 1.995.000 euros.

